

Curso POO PHP Configuración de PHP

Sumario


- 1 Configuración de PHP
 - ◆ 1.1 Ficheiro php.ini
 - ◆ 1.2 Ficheiros .user.ini
 - ◆ 1.3 Función ini_set
 - ◆ 1.4 Outros xeitos

Configuración de PHP

A configuración tanto do servidor web Apache, coma de PHP, realízase por medio de ficheiros de configuración. O de Apache é **httpd.conf**, e o principal ficheiro de configuración de PHP é **php.ini**. Este ficheiro, php.ini, pode encontrarse en distintas ubicacións.

Ficheiro php.ini

A función **phpinfo()** informa, entre outras moitas cousas, do lugar en que se encontra almacenado o ficheiro php.ini.

PHP Version 5.4.7 	
System	Windows NT INFO04 6.1 build 7601 (Windows 7 Service Pack 1) i586
Build Date	Sep 12 2012 23:44:56
Compiler	MSVC9 (Visual C++ 2008)
Architecture	x86
Configure Command	cscript /nologo configure.js "--enable-snapshot-build" "--disable-isapi" "--enable-debug-pack" "--without-mssql" "--without-pdo-mssql" "--without-pi3web" "--with-pdo-oci=C:\php-sdk\oracle\instantclient10\sdk,shared" "--with-oci8=C:\php-sdk\oracle\instantclient10\sdk,shared" "--with-oci8-11g=C:\php-sdk\oracle\instantclient11\sdk,shared" "--enable-object-out-dir=../obj/" "--enable-com-dotnet=shared" "--with-mcrypt=static" "--disable-static-analyze" "--with-pgo"
Server API	Apache 2.4 Handler Apache Lounge
Virtual Directory Support	enabled
Configuration File (php.ini) Path	C:\Windows
Loaded Configuration File	F:\xampp\php\php.ini
Scan this dir for additional .ini files	(none)
Additional .ini	(none)

Algunhas das directivas máis utilizadas que figuran no ficheiro php.ini son:

- **short_open_tag**. Indica se se poden utilizar en PHP os delimitadores curtos <? y ?>. É preferible non os usar, pois pode causarnos problemas en páxinas XML. Para prohibir a utilización destes delimitadores con PHP asignámoslle a esta directiva o valor Off.
- **max_execution_time**. Permite que poidas axustar o número máximo de segundos que poderá durar a execución dun script PHP. Evita que o servidor se bloquee se se produce algún erro nun script.
- **error_reporting**. Indica que tipo de erros se mostrarán no caso de que se produzan. Por exemplo, se fas `error_reporting = E_ALL`, mostrarache todos os tipos de erros. Se non queres que che mostre os avisos pero si outros tipos de erros, podes facer `error_reporting = E_ALL & ~E_NOTICE`.
- **file_uploads**. Indica se se poden ou non subir ficheiros ao servidor por HTTP.
- **upload_max_filesize**. En caso de que se poidan subir ficheiros por HTTP, podes indicar o límite máximo permitido para o tamaño de cada arquivo. Por exemplo, `upload_max_filesize = 1 M`.

A [lista completa de directas](#) pódela atopar na documentación de PHP.

Ficheiros .user.ini

Dende a versión 5.3 de PHP, engadiuse tamén soporte a ficheiros de configuración **.user.ini**, similares aos .htaccess de Apache. Estes ficheiros soportan algunhas das directivas da lista anterior e aplícanse á execución dos scripts presentes no mesmo directorio da directiva e nos seus subdirectorios. De xeito semllante a Apache, PHP percorre os directorios dende a raíz ata o do script buscando ficheiros .user.ini e aplicando as súas directivas.

Existen dúas directivas que controlan o comportamento de PHP con respecto aos ficheiros .user.ini:

- **user_ini.filename**. Indica o nome do ficheiro de configuración, .user.ini por defecto.
- **user_ini.cache_ttl**. Indica cada cánto tempo debe buscar PHP cambios nos ficheiros .user.ini. O valor por defecto é de 5 minutos.

Función ini_set

Certas directivas poden modificarse tamén en tempo de execución no mesmo script PHP, empregando a función **ini_set**. Con **ini_get** é posible, de forma semllante, obter o valor dunha directiva, e con **ini_restore** devolvela ao seu valor orixinal.

```
ini_set('max_execution_time', '60');
```

Outros xeitos

Cando se executa PHP como módulo de Apache, pódense facer tamén [cambios nas directivas de PHP dende os ficheiros de configuración de Apache](#), dende httpd.conf e tamén nalgúns casos dende os ficheiros .htaccess. Isto acádase empregando as directivas de Apache **php_value**, **php_flag**, **php_admin_value** e **php_admin_flag**.

Outro procedemento máis para cambiar os valores das directivas de PHP é empregando o rexistro en sistemas Windows.

--Víctor Lourido 14:40 25 jun 2013 (CEST)